

Reunido o día 28 de outubro de 2024 o tribunal do proceso selectivo convocado por resolución da Xerencia de 12 de setembro de 2024 (ditada por delegación de competencias de 21 abril 2022 modificada por resolución de 26 de setembro de 2023), para a elaboración dunha listaxe de agarda da categoría profesional diplomado/a en enfermaría, grupo II, do cadro de persoal laboral, da Universidade de Santiago de Compostela, e en virtude do disposto no apartado 6.3. da convocatoria, que establece que *antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados os criterios de avaliación e corrección*, e do disposto no apartado 6.8 da convocatoria que establece:

Segundo exercicio: consistirá na resolución dunha serie de probas prácticas propostas polo tribunal, relacionadas coas funcións da categoría de enfermeiro/a.

A puntuación deste exercicio será de 0 de 30 puntos, sendo necesario para superalo, obter un mínimo de 15 puntos.

O tempo máximo para a súa realización será de 60 minutos.

ACORDOU:

Primeiro.- Facer público que as probas a realizar serán dúas, que serán puntuadas cada unha delas de 0 a 15 puntos. O tempo máximo para a realización de cada unha das probas será de 30 minutos.

Segundo.- Facer públicos os **criterios de avaliación e corrección do segundo exercicio** da fase de exercicios:

- O grao de perfección e destreza demostrado na realización das probas prácticas.
- O grao de coñecemento demostrado nas probas prácticas a realizar relacionadas coas funcións de enfermeiro/a.
- A precisión, corrección e adecuación na resolución das probas.
- A claridade e orde no desenvolvemento das probas.

Terceiro.- Facer públicas as seguintes **instrucións para a celebración do segundo exercicio**:

- O chamamento das persoas aspirantes comezará ás 09.00 horas na Sala de Xuntas do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da USC (Avenida das Ciencias, nº 6, 15782 Santiago de Compostela).
- As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade, a xuízo do tribunal.
- Non se permitirá o acceso á sala na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A presidenta do tribunal
Raquel Rodríguez González

Taboleiro de anuncios oficial

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Páxina web de convocatorias da Subárea de Planificación de PAS

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oeplistado>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: RAQUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, NIF ***6308**, 29/10/2024 10:18:20.

CSV: D27E-F602-4F55-B54F